

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO IES DA CAÑIZA
2022/2023 – 2025/2026

ÍNDICE:

1. MARCO LEGAL
2. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO
3. OBXECTIVOS DO PLC
4. LINGUAS NAS QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS DO BACHARELATO
5. ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA NAS DÚAS LINGUAS OFICIAS EN FORMACIÓN PROFESIONAL
6. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA BACHARELATO E FORMACIÓN PROFESIONAL
7. A EXENCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA
8. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

1. MARCO LEGAL

O IES da Cañiza elabora o seu proxecto lingüístico baseándose no **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**, que regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e que ten como obxectivos o de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s).

Este decreto baséase no marco lingüístico establecido por:

- A **Constitución española**, que no artigo 3, no seu punto 2, establece que as outras linguas do estado, ademais do castelán, serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.

- O **Estatuto de Autonomía**, que no seu artigo 5, define o galego como a lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Establece tamén que os poderes públicos galegos potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural, informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística**, que garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego, en todos os sectores da sociedade (administración, ensino e medios de comunicación públicos) favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social.
Esta lei considera o ensino como un sector fundamental na implantación de hábitos lingüísticos en galego e establece unha nova regulamentación da nosa lingua que facilite o seu emprego en todos os niveis e graos non universitarios.

- **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**, que establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

2. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O noso centro atópase situado na Cañiza, no sueste da provincia de Pontevedra, limitando ao norte cos concellos de Covelo e Melón (leste da provincia de Ourense), ao sur con Crecente, Arbo e As Neves, e ao oeste con Salvaterra de Miño, Mondariz e Covelo.

As vías de comunicación máis importantes que transcorren pola vila son tanto a antiga nacional N-120, que atravesa o casco urbano, como a Autovía das Rías baixas A-52. A través destas estradas, A Cañiza comunícase coas cidades de Vigo e Ourense, situadas aproximadamente a unha distancia de 60 quilómetros.

Trátase dunha zona eminentemente rural, do interior, cun sector primario aínda importante fronte a unha industria emerxente (polígono industrial) e un sector servizos baseado no comercio, a hostalaría e a alimentación .

O IES A Cañiza é un centro de ensino postobrigatorio no que se imparte bacharelato nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais, ciclos formativos de grao medio de Xestión administrativa e de Electromecánica de vehículos, e formación profesional básica nas modalidades de Informática de oficina e Mantemento de vehículos.

No curso escolar 2022/2023 o IES da Cañiza conta con 140 alumnos/as matriculados/as (aproximadamente), un claustro de 26 docentes e un orientador, unha conserxe, un auxiliar administrativo, 2 limpadoras e unha encargada do servizo de cafetería.

O profesorado con destino definitivo no instituto procede principalmente de Ourense (capital e concellos da provincia), ou da zona de Vigo. Só un dos membros do claustro, sendo orixinario doutra zona de Galicia, vive na Cañiza.

Esta situación provoca que o profesorado descoñeza a idiosincrasia da zona, posto que permanece no centro única e exclusivamente durante o período laboral, sen existir contacto coa vila e os seus habitantes.

A maior parte do alumnado provén de familias de ámbito rural dos concellos da Cañiza, Crecente, Arbo, O Covelo, Padrenda (Ourense) cunha poboación moi dispersa, o que dificulta o transporte e as posibilidades de facer actividades fóra do horario escolar, cun nivel económico medio-baixo e cunhas condicións situacionais cara ao estudo deficientes en moitos casos.

Cabe destacar a escasa implicación das familias no proceso educativo dos fillos e fillas, como ben amosa a non existencia de ANPA e o feito de que non se contou, ata o pasado curso, con representante das familias nas eleccións ao Consello escolar.

O galego é a lingua de comunicación habitual no centro, usada na páxina web e redes sociais, na organización e desenvolvemento da maior parte das actividades extraescolares.

Así mesmo, no ámbito administrativo, os oficios, as convocatorias, as citacións, os certificados, os documentos de relación coas familias e co contorno social, como poden ser correspondencia, correos electrónicos, boletíns de notas, publicacións, comunicados e demais documentos académicos e oficiais son redactados en lingua galega.

Aínda que aumentou a presenza de profesorado castelán-falante, o galego emprégase con frecuencia nas conversas con outros membros do claustro, coas familias, co alumnado e co persoal non docente.

En canto ao alumnado nos últimos cursos observamos un descenso do número de galego-falantes, aumentando, pola contra, o alumnado que fala máis habitualmente en castelán ou que o fala exclusivamente.

Aqueles/as que se recoñecen galego-falantes explican que cambian a súa lingua no colexio ou no instituto para facer exames ou incluso para falar coas súas amizades (cambio que non se produce no alumnado castelán-falante).

En xeral, o alumnado considera que ten capacidades suficientes para desenvolverse en ambas linguas á hora de entender, falar ou ler pero considera que esa capacidade é menor en galego cando se trata de escribir.

A opinión maioritaria permítenos afirmar que o noso estudantado considera a lingua galega un elemento fundamental na identidade de Galiza e da poboación galega. Está a favor de que a nosa lingua reciba un apoio específico que garanta o seu futuro porque son coñecedores/as de que as súas perspectivas de futuro non son boas. A pesar disto, é escaso o alumnado comprometido coa lingua galega ou que recoñeza que esta se atopa nunha situación de inferioridade con respecto ao castelán.

3. OBXECTIVOS DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Tendo en conta a lexislación, as características específicas da nosa comunidade educativa e dos seus membros así como a intención de elaborar un proxecto de actuación que mellore as competencias e actitudes lingüísticas de toda a comunidade escolar, fixamos os seguintes obxectivos:

- Garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia, respectando os elementos culturais e sinais de identidade que cada unha delas representa.
- Asegurar o equilibrio de horas e materias impartidas nas dúas linguas oficiais da comunidade, para acadar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- Adquirir un coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), despertando o interese pola aprendizaxe de linguas novas.
- Promocionar e dinamizar a lingua galega no centro de ensino, posibilitando a ampliación do seu uso, tanto na oralidade como na escrita, afianzando a confianza e dignidade no seu emprego como vehículo natural de comunicación.
- Valorar positivamente o uso da lingua galega entre os membros da comunidade educativa e superar progresivamente os esquemas diglósicos e prexuízos asociados.
- Fomentar a consideración da diversidade lingüística como un dereito e unha bagaxe cultural imprescindible para o desenvolvemento persoal da cidadanía.
- Implicar activamente a toda a comunidade escolar, en especial o alumnado, nun labor dinamizador do uso da lingua galega e da súa valoración positiva, con repercusións máis alá dos límites do centro.
- Atender ao alumnado de incorporación tardía, exento da avaliación en lingua galega ou con necesidades especiais deseñando programas e medidas específicas e personalizadas para cada caso.

4. LINGUAS NAS QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS DO BACHARELATO

Tal e como establece o artigo 8º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, o noso centro educativo ten establecida unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir galego e castelán nos cursos do Bacharelato.

O profesorado dos departamentos de linguas coordinarase para unificar criterios relativos á programación e aos contidos e para acadar acordos con respecto á terminoloxía empregada.

1º BACHARELATO CIENCIAS E TECNOLOXÍA (LOMLOE)

	CAS	GAL
MATERIAS COMÚNS		
Lingua castelá I	x	
Lingua galega I		x
Inglés I	English	
Filosofía		x
Educación Física	x	
Relixión/Reforzo-afondamento *	Pendente	
MODALIDADE OBRIGATORIA		
Matemáticas I		x
MODALIDADE DE OPCIÓN		
Física e Química	x	
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias ambientais	x	
Tecnoloxía e Enxeñería I		x
Debuxo técnico		x
OPTATIVAS		
Anatomía aplicada	x	
Antropoloxía		x
Cultura científica		x
2º Lingua estranxeira: Portugués I	Portugués	
TIC I	x	

1º BACHARELATO HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS (LOMLOE)

	CAS	GAL
MATERIAS COMÚNS		
Lingua castelá I	x	
Lingua galega I		x
Inglés I	English	
Filosofía		x
Educación Física	x	
Relixión/Reforzo-afondamento *	Pendente	
MODALIDADE OBRIGATORIA		
Matemáticas aplicadas ás CCSS I		x
Latín I	x	
MODALIDADE DE OPCIÓN		
Economía		x
Historia mundo contemporáneo	x	
Literatura Universal	x	
Grego I		x
OPTATIVAS		
Anatomía aplicada	x	
Antropoloxía		x
Cultura científica		x
2º Lingua estranxeira: Portuguêz I	Portuguêz	
TIC I	x	

2º BACHARELATO CIENCIAS E TECNOLOXÍA

	CAS	GAL
MATERIAS COMÚNS		
Lingua castelá II	x	
Lingua galega II		x
Inglés II	English	
Historia de España	x	
Relixión/Reforzo-afondamento *	Pendente	
Matemáticas II		x
Física	x	
Química	x	
Bioloxía	x	
Xeoloxía	x	
Debuxo técnico II		x
Tecnoloxía Industrial II		x
Ciencias da terra e do medioambiente	x	
TIC II	x	
Fundamentos de administración e xestión		x
2º Lingua estranxeira: Português I	Português	
Psicoloxía		x
Métodos estatísticos e numéricos		x
Historia da filosofía		x

2º BACHARELATO HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

	CAS	GAL
MATERIAS COMÚNS		
Lingua castelá II	x	
Lingua galega II		x
Inglés II	English	
Historia de España	x	
Relixión/Reforzo-afondamento *	Pendente	
MATERIAS DE ELECCIÓN		
Historia da Filosofía		x
MATERIAS DE ELECCIÓN		
Latín II	x	
Matemáticas aplicadas ás CCSS II		x
MATERIAS DE ELECCIÓN		
Historia da Arte	x	
Economía da empresa		x
Grego II		x
Xeografía	x	
MATERIAS DE ELECCIÓN		
2º Lingua estranxeira: Português I	Português	
Psicoloxía		x
TIC II	x	
Fundamentos de administración e xestión		x

*Pendentes de saber cal será a materia de Reforzo/afondamento, deixamos sen determinar cal das dúas materias será impartida en galego e cal en castelán.

5. ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA NAS DÚAS LINGUAS OFICIAS EN FORMACIÓN PROFESIONAL

Así mesmo, no que respecta á formación profesional e tendo en conta o sinalado polo decreto, equilibrouse a presenza do galego e do castelán nas materias e módulos dos ciclos impartidos no centro.

O profesorado atopa certas dificultades para conseguir materiais bibliográficos, audiovisuais, gráficos, etc en lingua galega, necesarios á hora de impartir as súas disciplinas, só disponibles en castelán. Por este motivo, e para asegurarse de que o alumnado acada a competencia propia do nivel nas dúas linguas, o equipo docente emprega a lingua galega nas súas explicacións orais, nas actividades que elabora e nas probas escritas que propón ao alumnado. Ademais o profesorado dá a coñecer o vocabulario específico nas dúas lingua oficiais.

Para atender as necesidades específicas do profesorado e do alumnado, os departamentos establecen contacto co profesorado de linguas do centro, co EDLG e do departamento de orientación.

FP BÁSICA MANTEMENTO DE VEHÍCULOS

1º CURSO		CAS	GAL
Ciencias aplicadas I	Matemáticas		x
	Ciencias	x	
Comunicación e sociedade I (Sociais)			x
Amovibles		x	
Mecanizado e soldadura			x
Preparación de superficies		x	
2º CURSO		CAS	GAL
Ciencias aplicadas II (Matemáticas - Ciencias)	Matemáticas		x
	Ciencias	x	
Comunicación e sociedade II (Sociais)			x
Electricidade do vehículo			x
Mecánica do vehículo		x	

FP BÁSICA INFORMÁTICA DE OFICINA

1º CURSO		CAS	GAL
Ciencias aplicadas I	Matemáticas		x
	Ciencias	x	
Comunicación e sociedade I (Sociais)			x
Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos		x	
Ofimática e arquivamento de documentos			x
2º CURSO		CAS	GAL
Ciencias aplicadas II	Matemáticas		x
	Ciencias	x	
Comunicación e sociedade II (Sociais)			x
Operacións auxiliares para a configuración e a explotación			x
Instalación e mantemento de redes para a transmisión de datos		x	

CM ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS

1º CURSO	CAS	GAL
Mecanizado básico		x
Motores		x
Circuitos de fluídos: suspensión e dirección	x	
Sistemas de transmisión e freada	x	
Sistemas de carga e arranque	x	
Formación e orientación laboral		x
2º CURSO	CAS	GAL
Sistemas auxiliares do motor	x	
Circuitos eléctricos auxiliares do vehículo	x	
Sistemas de seguridade e confortabilidade		x
Empresa e iniciativa emprendedora		x

CM XESTIÓN ADMINISTRATIVA

1º CURSO	CAS	GAL
Operacións administrativas de compravenda	x	
Tratamento informático da información		x
Técnica contable	x	
Operacións auxiliares de xestión da tesouraría	x	
Formación e orientación laboral		x
2º CURSO	CAS	GAL
Comunicación empresarial e atención á clientela		x
Empresa e administración	x	
Operacións administrativas de recursos humanos	x	
Tratamento da documentación contable		x
Empresa na aula		x

MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA BACHARELATO E FORMACIÓN PROFESIONAL

Con estas medidas trataremos de responder ás necesidades do alumnado que, por distintas razóns, carece do suficiente dominio das linguas. En primeiro lugar cómpre determinar o grao de carencia que presentan respecto do dominio lingüístico dalgunha das linguas, a través dunha avaliación inicial, realizada polo profesorado dos departamentos de Lingua castelá e Lingua galega, e tendo en conta os informes individualizados do alumnado e a información achegada polo Departamento de Orientación.

Para o alumnado que presenta carencias no dominio dalgunha das destrezas básicas (comprender, ler, escribir ou falar) a atención será individualizada, elaborando un plan de axuda para cada caso. As medidas irán desde un reforzo na propia aula a cargo do profesorado que imparte a materia, ata a asistencia do alumnado a algunha hora de apoio impartida polo profesorado de linguas. Contaremos en calquera caso co asesoramento do orientador do centro.

Merece especial mención o alumnado de procedencia estranxeira, escaso no noso centro pero en aumento, que precisan axuda permanente para acadar a competencia comunicativa. No caso do alumnado inmigrante elaboraremos un protocolo de actuación que priorice as necesidades de comunicación máis urxentes ata conseguir o dominio das dúas linguas oficiais, a nivel oral e escrito. Feito o diagnóstico da situación do alumnado, levaremos á práctica as medidas oportunas para desenvolver o proceso de inmersión lingüística: contacto directo co profesorado de linguas e aqueles que imparten a súa materia nas linguas respectivas nas que o alumnado poida ter dificultades, participación nas actividades de promoción lingüística do centro, achega de materiais bibliográficos e novas tecnoloxías que faciliten a súa aprendizaxe, etc.

Tanto no caso do alumnado que non amosa dominio suficiente das linguas como no do alumnado chegado doutras comunidades ou países, realizarase un seguimento personalizado da evolución do proceso.

En canto ao profesorado, establecerase un constante contacto entre o EDLG, o profesorado de linguas e as xefaturas dos diferentes departamentos didácticos para proporcionar a axuda lingüística necesaria ao equipo docente que imparte a súa materia en galego. Esta axuda irá, desde a corrección lingüística da documentación xerada polo departamento ata unha axuda máis específica.

6. A EXENCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA

Lexislación:

Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega

Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), en relación coa validación de estudos polos ditos certificados, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, a partir da implantación das ensinanzas de formación profesional básica e do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) establecidas pola Lei orgánica 2/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)

O alumnado que se incorpore ao bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.

Esa exención aparecerá recollida nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.

Se o alumnado incumpre este requisito pode revogárselle a exención.

Tanto a revogación como a denegación da exención implica que o estudantado será cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.

A solicitude de exención (formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia) deberá presentarse en soporte papel asinado pola persoa interesada, ou polo seu

pai/nai/titor/titora ou representante legal, se é menor de idade, expoñendo as razóns polas que se solicita.

A solicitude dirixirase á Dirección do centro onde o alumnado curse os seus estudos.

O prazo de solicitude empezará o 1 de setembro e rematará o 20 de outubro de cada ano. Cando se trate de alumnado procedente doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro, o prazo será de vinte días seguintes á incorporación ao novo centro.

Con respecto á FP básica, o alumnado doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro pode solicitar a exención da materia de lingua galega incluída no módulo común de comunicación e sociedade.

A exención supón que a avaliación deste alumnado se efectúe sen ter en conta a materia de lingua galega. Nas actas debe constar que conta coa exención.

7. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

O Equipo de dinamización lingüística elaborará cada curso un programa de actividades para a promoción da lingua galega.

De maneira recorrente nese plan de actividades aparecerán as seguintes:

- Colaborar co departamento das TIC achegando recursos (tradutores, correctores, páxinas web de interese, etc) para as diferentes áreas.
- Concursos literarios asociados a diferentes festividades, por exemplo, o de cartas de amor con motivo da celebración do día de San Valentín no mes de febreiro.
- Charla-coloquio con escritores/as ou axentes importantes no proceso de normalización da nosa lingua.
- Creación dun panel informativo, colocado na entrada do instituto, que informe ao alumnado ou calquera outro membro da comunidade educativa, sobre os seus dereitos lingüísticos.
- Actividades conmemorativas do Día das letras galegas no mes de maio.
- Organización de actividades asociadas ás conmemoracións e festas de datas significativas (agosto , Nadal , entroido) en colaboración con outros departamentos.
- Colaboración co equipo de biblioteca na búsqueda de materiais sobre a nosa lingua, na elaboración de guías de lectura e na organización das demais actividades.

Aínda que este organismo é o principal motor da actividade dinamizadora da nosa lingua no noso centro, o seu fomento non se circunscribe única e exclusivamente ao labor do EDLG. Por iso, desde a dirección e os departamentos fomentárase o uso oral e escrito da lingua galega tanto nas relacións internas como nas que se manteñan con outras administracións galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.

Na elaboración de documentos como normativas, plans, actas, comunicacións de calquera tipo e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010 do 20 de maio, as programación e outros documentos didácticos das diferentes materias redactaranse en lingua galega. No caso das materias de linguas, serán elaboradas nas linguas respectivas.

Contribúen ao labor normalizador os equipos de Biblioteca e Actividades extraescolares, ademais de moitas actividades propostas por outros departamentos diferentes aos de Lingua galega.

O presente proxecto Lingüístico foi aprobado en reunión do Consello Escolar o día de de 2022.

Será difundido entre os membros da comunidade escolar, así como as modificacións que se leven a cabo.

O secretario,

Asdo.

Vº e Prace

O director,

Asdo.